



ASISTENTES:

Aboal Somoza, Teresita
Albo López, Elena
Allegue Aguet, Pilar
Alonso Rodríguez, Valentina
Anido Riñón, Luis Eulogio
Araujo Otero, Uxía
Arca Carracedo, Iván Carlos
Arias Estévez, Manuel
Arias Morcira, Xosé Carlos
Arias Sánchez, Pedro
Barajas Alonso, Ángel Antonio
Barcia Rodríguez, Ignacio
Basalo Domínguez, David
Bergantiños Cid, Gustavo
Bergareche Gros, Almudena
Bernal Gómez, Rosa
Blanco Pesqueira, Antonia
Bravo Bernárdez, Jorge
Bringas López, Ana
Bueno Alonso, Jorge Luis
Cabeza Pereiro, Jaiine
Cabeza Pereiro, M^a Del Carmen
Cancela Outeda, Celso
Carballo González, Enrique
Cebró Rodríguez, Juan Manuel
Cid Fernández, M^a Magdalena
Cid Fernández, Xosé Manuel
De La Torre Fraga, Daniel
De Lorenzo Rodríguez, Edita
De Miguel Palacios, Carlos
De Oca Cancela, Guillermo
Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Fernández Calviño, David
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Manín, Generosa
Fernández Olivera, M^a Luisa
Fernández Pulpeiro, Ana
Fernández Sobrino, Ramón Ángel
Fernández Souto, Ana Belén
Fonseca Bon, Cecilio
Fraiz Brea, José Antonio
Gago Rodríguez, Alberto
Gallego Veigas, Pedro Pablo
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
Gándara Pérez, José Antonio
García Cutrín, Francisco Javier
García Estévez, José Manuel
García Gil, Soledad
García Soidán, José Luis
García Soidán, María Del Pilar
García Vázquez, José Manuel
Gil Villanueva, José M^a
Godoy Malvar, Eduardo
Gómez Rodríguez, Alma María
González Cespán, José Luis
González Crespán, M^a Araceli
González Pillado, Esther
González Piñeiro, Luis
González Vázquez, Encarnación
Graña Rodríguez, Ana María
Hernández Sánchez, Jesús
Jato Rodríguez, María Victoria
Lago Ferreiro, Alfonso
Lago Rodríguez, Lucas
Legido Soto, José Luis
Lence Madarro, Fernando
Loeck Hernández, Juan
Lorenzo Cimadevila, Enrique
Macías Cambra, Enrique Antonio
Martín Lucas, Belén

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 30 de abril de dous mil oito, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O mércores, día **30 de abril de 2008**, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 20 de decembro de 2007.
2. Modificación, se procede, do apartado 4 do artigo 13 do regulamento de réxime interno do claustro.
3. Aprobación, se procede, do plan estratéxico da Universidade de Vigo 2008/2012.
4. Informe do Presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2007.
5. Elección do seguinte posto vacante no Consello de Goberno:
Sector Decanos/Directores: 1
6. Elección dos seguintes postos vacantes na Comisión para a adaptación dos Estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU:
Sector Estudiantes: 3
7. Elección dos seguintes postos vacantes nas Comisións para a elaboración de regulamentos:
COMISIÓN N^o 1: Regulamento de réxime económico e contratación.
Regulamento de PAS
Sector estudantes: 4

COMISIÓN N^o 3: Regulamento de profesorado
Sector estudantes: 5

COMISIÓN N^o 4: Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia
Regulamento de institutos universitarios
Sector Outro Persoal Docente e Investigador: 1
Sector estudantes: 3

COMISIÓN N^o 5: Regulamento de centros
Regulamento de departamentos
Sector estudantes: 3

Martínez Bouzas, David
 Mascuñán Tolón, Patricia Silvia
 Membiela Iglesia, Pedro
 Méndez Franco, Óscar
 Mollinedo Lois, Carlos
 Montero Muñoz, María
 Morán Martínez, M^a Paloma
 Mosquera Nartallo, Carlos
 Moure Rodríguez, María José
 Navaza Dafonte, Francisco
 Nombela Castaño, Miguel Ángel
 Otero Camiña, José Luciano
 Palacio Sánchez, Xosé Antonio
 Pardo Froján, Juan Enrique
 Pazó Martínez, M^a Consuelo
 Peleteiro Salgado, José
 Pena Rodríguez, Alberto
 Pena Uris, Gloria M^a
 Pérez Cota, Manuel
 Pombal Diego, Manuel Ángel
 Porteiro Fresco, Jacobo
 Prieto Tobío, Joaquín
 Rama Martínez, M^a Esperanza
 Ramos Cabrer, Manuel
 Reigosa Roger, Manuel Joaquín
 Romo Pérez, M^a Carmen
 Sánchez Bernúdez, Ángel Manuel
 Sieiro Vázquez, Carmen
 Suárez Pazos, Mercedes
 Sueiro Justel, Joaquín
 Traveso Pardo, Carlos
 Tugores Martorell, Francisco
 Vázquez Dorrió, José Benito
 Vila Pumares, Cristina

DESCULPAN ASISTENCIA:

Barreiro Blas, Antonio Cruces
 Cruces Colado, Susana
 Fandiño Alonso, Jaiine Francisco
 Lago Teijeiro, Juan Miguel
 Lorenzo García, Lourdes
 Pose Blanco, José
 Vázquez Vicente, Xosé Henrique
 Vera Isasa, María

COMISIÓN N^o 6: Regulamento de tribunal de garantías
 Regulamento de réxime disciplinario
 Sector Outro Persoal Docente e Investigador: 1

Sector estudantes: 4

8. Rogos e preguntas.

Inicia o reitor a sesión aclarando que nesta sesión só se producirá unha votación, no punto 5 da orde do día, posto que nos puntos 6 e 7 non hai candidatos presentados.

Sinala ademais o reitor que, por acordo da mesa, e ante a petición dunha opinión do Claustro sobre as taxas, no punto de rogos e preguntas incorporárase un rogo do propio reitor para que o Claustro se pronuncie sobre ese tema.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 20 de decembro de 2007.

Apróbase por asentimento

Punto 2. Modificación, se procede, do apartado 4 do artigo 13 do regulamento de réxime interno do claustro.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que do que se trata é de proceder á modificación do apartado 4 do artigo 13 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro Universitario para permitir a remisión aos claustrais da documentación que acompaña á convocatoria das sesións deste órgano en formato electrónico.

A Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, con carácter xeral esixe para a válida convocatoria dun órgano colexiado que se remita con antelación suficiente aos membros do órgano a orde do día, onde se expoñan os puntos concretos que van ser tratados na reunión. A maiores, se require que, no mesmo prazo, estea a súa disposición a información sobre os temas que figuren nesa orde do día.

Nesta Universidade ven sendo tradicional remitir aos membros do Claustro a convocatoria en papel xunto coa documentación adxunta neste mesmo formato, en canto o propio artigo 13.4 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro Universitario, así o require.

Nembargante, debe terse en conta que nestes tempos cos avances tecnolóxicos non ten xa sentido este sistema, senón que debe buscarse unha alternativa que sexa xuridicamente válida e que sexa máis áxil e sinxela á hora de convocar un Claustro.

O sistema que a asesoría xurídica da universidade considera mais axustado a dereito é remitir a convocatoria en papel e na mesma informar aos membros do Claustro de que está colgado un arquivo na web de secretaría xeral ao que todos poderán acceder a través dunha clave. No caso dos estudantes, no período en non se imparte docencia, se remitirá a convocatoria e a documentación en papel aos seus domicilios particulares.

Para a utilización deste sistema é necesario, como xa adiantei, que se modifique o apartado 4 do artigo 13 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro Universitario que quedaría do seguinte xeito:

“A convocatoria que contendo a orde do día será remitida cunha antelación polo menos de catro días hábiles, agás no caso da sesión extraordinaria e urxente que será de dous días. En igual prazo, a documentación necesaria para o desenvolvemento da sesión estará a disposición dos membros do Claustro en formato electrónico. En todo caso, esta documentación tamén poderá ser consultada polos membros do Claustro no mesmo prazo na secretaría xeral da Universidade”.

“No caso dos estudantes, para a remisión da convocatoria e da documentación nos períodos non que en non haxa docencia, estarase ao disposto no apartado 3 deste artigo”.

Intervén o Prof. Palacio para sinalar que considera mais axeitado substituír, no texto que se propón, a expresión “a convocatoria contendo” por “a convocatoria que contén”.

Apróbase por asentimento o texto proposto coa anterior modificación.

Punto 3. Aprobación, se procede, do plan estratéxico da Universidade de Vigo 2008/2012.

Cédese a palabra ao comisionado de Plans Estratéxicos quen expón o contido fundamental do mesmo que se recolle no **anexo I**. Finaliza a súa intervención co agradecemento a todos aqueles que colaboraron na elaboración do mesmo, en especial aos profesores D. Alberto Vaquero García e Dna. Gloria Caballero Fernández e ao administrativo D. Daniel del Río Otero.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén en primeiro lugar o Prof. Legido quen, despois de felicitar ao comisionado de Plans Estratéxicos polo traballo feito, manifesta o seu rexeitamento ao plan estratéxico debido ao retraso na súa elaboración e aprobación. Entende que o mesmo tiña que ser presentado moito antes en canto era una proposta xurdida na propia campaña electoral, e que as liñas estratéxicas se debateron xa durante a campaña; deste xeito entende que o plan estratéxico tiña que estar aprobado despois da toma de posesión do reitor. En conexión con isto, considera que se está xa na metade da lexislatura e se segue improvisando en temas tan importantes como grao ou posgrao.

Intervén seguidamente o Sr. Fernández quen procede á lectura do texto que se incorpora como **anexo II**.

O Sr. Cebro agradece a todos o esforzo feito para a elaboración do documento onde se recollen as liñas do futuro da Universidade. Manifesta o seu acordo co apuntado polo Sr. Fernández e tamén se adhire ao manifestado polo Prof. Legido no relativo ao retraso na presentación do plan estratéxico, que tiña que ser presentado no inicio do mandato. Centrándose xa no tema da xestión, considera que o plan se identifica cunha ideoloxía propia da empresa privada, que se presenta como

o paradigma da xestión. Por outra parte, entende que aínda que o equipo de goberno presenta este plan estratéxico como participativo, non é así posto que non foi quen de que o PAS participara na parte dedicada á xestión e aquí fai unha comparación coa Universidade de Sevilla onde a participación foi moi elevada. No que respecta aos grupos de traballo, pregunta pola representatividade dos mesmos e polos criterios de elección dos seus membros.

O Sr. Basalo agradece en primeiro lugar o traballo feito no plan estratéxico e, despois de referirse aos acordos, que non foron cumpridos, pregunta si ocorrerá o mesmo co plan estratéxico. Fai un chamamento para a implicación de todos no cumprimento do plan e un esforzo do reitor para o mesmo fin.

Intervén seguidamente o Prof. Cabeza quen, despois de dar os seus parabéns ao comisionado de Plans Estratéxicos polo documento presentado, expón, na mesma liña do Prof. Legido que o plan reflicte a distancia entre a xestión do equipo de goberno e o propio plan, posto que se ve a improvisación cada día en decisións como a mención de calidade nos programas de doutoramento ou en materia de profesorado. De aí que o plan non sexa crible.

Procede a contestar o comisionado de Plans Estratéxicos agradecendo en primeiro termo os parabéns dos intervintes. Seguidamente, no que respecta ao retraso na presentación do plan, fai unha comparación coa Universidade de Sevilla que tardou 5 ou 6 anos na súa elaboración fronte ao ano e medio da Universidade de Vigo. A opción por un plan participativo esixe unha duración determinada.

A segunda cuestión que resposta é a relativa á configuración dos grupos de traballo e entende que neste caso non era necesaria a representatividade estrita senón que o importante era saber a opinión de todos aqueles que voluntariamente tiñan interese en participar.

Intervén novamente o Prof. Legido para insistir na importancia que teñen os tempos nun tema tan importante como o plan estratéxico tendo en contra a velocidade co que se producen os acontecementos: graos, posgrao, temas de profesorado. Sinala que non é unha crítica ao comisionado senón ao reitor que tiña que ter nomeado a este cargo antes para ter o plan feito moito antes.

O Sr. Cebro pola súa parte insiste no tema da representatividade, recalcando a baixa participación do alumnado e, sobre todo, do PAS. Entende que se a participación se fixera a través dos representantes do Claustro o resultado sería moi distinto.

O reitor manifesta que entende que no debate hai un argumento de fondo co que non está de acordo que é considerar que a forma de representación ten que ser orgánica. Sinala que había dúas formas de facer un plan estratéxico, unha, que fose do equipo de goberno, opción que se descartou e outra, que fose participativo, que foi a elixida, pero neste caso non se pode facer a través dos representantes do Claustro, senón do xeito que se fixo polo comisionado.

Recoñece que houbo retraso na tramitación do plan que tiña que ser presentado en decembro do 2007, pero quere recordar que é o primeiro plan estratéxico da Universidade de Vigo, e aínda non se ten a rodaxe suficiente para bulir. Agora ben, isto non significa que o equipo de goberno estivera parado senón que, polo contrario, fíxose un plan de política I+D con implicación en POD por primeira vez; tamén hai bos resultados na política de centros tecnolóxicos e a política de grao non foi improvisada, así, o reitor foi a todos os centros que lle pediron asistencia e ás reunións de ámbito; en decembro aprobáronse as liñas básicas de grao; non existe un documento onde se reflicte

cando vale un crédito ECTS, pero é responsabilidade da Xunta aprobalo para as tres universidades; finalmente, no Consello de Goberno do luns aprobáronse por ampla maioría máis da metade dos títulos de grao desta universidade. Todo isto demostra que o equipo de goberno non estivo parado, pero é necesario un plan estratéxico para implicar a toda a comunidade universitaria nunha mesma corrente. Sinala tamén que o compromiso que ten o equipo de goberno non é executar senón presentar os plans operativos que aparecen no documento, algúns xa están preparados e outros que haberá que facer, como o de Xerencia. Reitera finalmente que o compromiso co plan estratéxico é cumprilo en firme.

Intervén novamente o Prof. Legido quen expón novamente as súas dúbidas sobre se o plan estratéxico, posto que o presenta o equipo de goberno ante o claustro, sinalando que se puido constituír una comisión de Claustro ou de Consello de Goberno, pero el considera que o plan é do equipo de goberno. Reitera que todo o que se fai é improvisado e que o plan tiña que estar feito antes.

O Sr. Cebro manifesta a súa preocupación porque das palabras do reitor se deriva que o que se vai executar é o plan estratéxico e non os acordos de Consello de Goberno. Engade que a xunta de persoal debe negociar co equipo xerencial e que haxa vontade de negociación para poder chegar a acordos.

O reitor resposta insistindo que a aposta para o plan estratéxico foi a participación da comunidade universitaria e que el como reitor non participou en ningunha reunión do plan. O equipo de goberno asumiu o resultado do plan estratéxico, como xa dixo, e como tal se compromete a executalo.

Procédese á votación do plan:

- Votos a favor: 39.
- Votos en contra 1.
- Abstencións: 29.

Apróbase por maioría.

Punto 4. Informe do Presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2007.

Cédese a palabra ao Presidente do Tribunal de Garantías quen expón as liñas básicas do seu informe anual que se recolle no **anexo III**.

Intervén a Prof^a. Morán quen, en relación ás alusións que fixo o Presidente do Tribunal de Garantías sobre un exame que obtivo unha puntuación de 4,9 e a necesidade de que, para que se garantan os dereitos dos alumnos, que se pormenorice a puntuación por apartados no exame, sinala que a reclamación presentada polo alumno está fora de prazo e que na guía docente se sinala de forma clara que é necesario un cinco na parte teórica para aprobar. O que demostra que a Facultade actuou correctamente.

O Presidente do Tribunal de Garantías replica que este órgano ten competencias para solicitar información, con independencia de que estea fóra de prazo a reclamación, e o que se pretende e que o centro explique de forma pormenorizada como se ten chegado a esa nota.

Punto 5. Elección do seguinte posto vacante no Consello de Goberno.

Cédese a palabra a secretaria xeral quen sinala que se teñen presentado dúas candidaturas para unha praza vacante, o que fai necesaria a votación.

Os candidatos son os seguintes:

- Mercedes Suárez Pazos. Decana da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.
- Pedro Pablo Gallego Veiga. Decano da Facultade de Bioloxía.

Para facilitar a votación téñense colocado 5 urnas, unha por sector, salvo no caso do PDI-A que hai dúas urnas onde se repartirán os votantes por orden alfabético:

- Unha da A á H.
- Outra da I á Z.
- Unha urna para o sector PDI-B
- Unha urna para o sector Estudantes
- Unha urna para o sector do PAS

Antes de iniciar a votación, o Prof. Gallego pide a palabra para expoñer o que se recolle no **anexo IV**.

Feito o reconto, o resultado é o seguinte:

- Votos a favor de Mercedes Suárez Pazos: 55
- Votos a favor de Pedro Pablo Gallego: 14
- Votos en branco: 7
- Votos nulos: 0

O posto vacante no Consello de Goberno polo Sector Decanos/Directores, será cuberto pola profesora Mercedes Suárez Pazos, Decana da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.

Punto 6. Elección dos seguintes postos vacantes na Comisión para a adaptación dos Estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU.

Non hai candidatos presentados.

Punto 7. Elección dos seguintes postos vacantes nas Comisións para a elaboración de regulamentos:

COMISIÓN Nº 1: Regulamento de réxime económico e contratación.
Regulamento de PAS
Sector estudantes: 4

COMISIÓN Nº 3: Regulamento de profesorado
Sector estudantes: 5

COMISIÓN Nº 4: Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia
Regulamento de institutos universitarios
Sector Outro Persoal Docente e Investigador: 1
Sector estudantes: 3

COMISIÓN Nº 5: Regulamento de centros
Regulamento de departamentos
Sector estudantes: 3

COMISIÓN Nº 6: Regulamento de tribunal de garantías
Regulamento de réxime disciplinario
Sector Outro Persoal Docente e Investigador: 1
Sector estudantes: 4

Non hai candidatos presentados.

Punto 8. Rogos e preguntas.

O reitor sinala que ante unha pregunta dos alumnos no Consello de Goberno, se xerou un debate con bastante acordo sobre as taxas e se acordou en incorporalo como un punto ordinario do próximo Consello de Goberno, pero ante a existencia dun escrito da Xunta de Galicia no que pide opinión sobre o texto do decreto de taxas do ano anterior, parece oportuno adiantar a opinión da Universidade á Xunta antes de que elabore o novo decreto de taxas.

Ante isto, o reitor fai un rogo para ver se é posible trasladar á Xunta de Galicia un apoio ao texto que o propio reitor lee (**anexo V**) e que é un resumo do que se presentou no Consello de Goberno.

Intervén a Sra. Araujo quen sinala que o posicionamento do CAEF é a conxelación das taxas, pero a proposta que fai o reitor vai máis alá en canto propón unha serie de cambios que poden mellorar as condicións actuais para os estudantes. Polo tanto, piden o apoio ao Claustro para este escrito.

O Prof. Ramos sinala que este tema aínda non tiña sido debatido no seu grupo e considera que o texto é demasiado concreto, polo que tería que ser máis xenérico e pon como exemplo o tema dos tramos de renda. Entende que é mellor deixalo para o Consello de Goberno e se faga mais xenérico.

O Prof. Lago sinala, no mesmo senso co Prof. Ramos que o texto tería que ser máis xenérico e que sería mellor levar un punto ao Consello de Goberno.

O Sr. Cebro está de acordo cos CAEF.

O Sr. Fernández en nome de Queicoiñas tamén da o seu apoio aos estudantes.

O reitor conclúe que si houbera unanimidade entendería que esa é a opinión do Claustro, pero como non a hai, o tema levarase ao Consello de Goberno.

Pide a palabra o Sr. Cebro quen despois de recordar o dereito que recollen os Estatutos a ser contestado e o dereito dos representantes sindicais de recibir información do Consello de Goberno, expón que non tivo contestación do recurso presentado sobre o cambio de ubicación do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación, e tamén sobre unha demanda presentada contra a universidade por unha persoa da área de calidade.

A maiores pregunta sobre os motivos para cambiar os criterios establecidos historicamente para conceder as comisións de servizos, e se o equipo de goberno está de acordo con eses criterios.

Por último, tendo en conta o custo que ten o novo equipo xerencial, pregunta por que se contrata persoal de confianza e asesoramento fora da RPT.

O Sr. Fernández suscita dúas cuestións que constan no **anexo VI**.

O Sr. Macías roga que se busque unha solución ante os conflitos de competencias entre vicexerentes de Ourense e Pontevedra e administradores de centro debido a inexistencia dunha relación escrita das funcións de cada un deles.

Pregunta tamén se existe algunha iniciativa para cubrir o posto sanitario que se perdeu no campus de Vigo e, por último, se hai algunha idea de futuro para integrar algún edificio do casco vello de Vigo como punto de lectura para estudantes ou vivendas para alumnos.

O reitor inicia a súa intervención sinalando que contestará a todo aquilo que poida responder neste momento.

Empeza pola última pregunta sinalando que se pediu pola universidade que as vivendas situadas debaixo de Concello foran asignadas para estudantes da universidade, pero a asignación que se fixo foi de acordo con criterios de política social. No que se refire aos postos de lectura, estase á espera do que ocorra coa creación da biblioteca na zona da panificadora. En caso de vivendas para estudantes, a Conselleira estivo en Vigo vendo espazos pero agora o proxecto está engulido pola universiada.

En relación ao posto sanitario, a xerenta está negociando con FREMAP un posto permanente.

En canto ao conflito de competencias entre os administradores de centro e os vicexerentes, pedirá información sobre o tema pero entende que xuridicamente non existe tal conflito.

No que respecta á cuestión das escolas infantís, sinala que nun primeiro momento se iniciaron conversas sobre as mesmas coa Vicepresidencia da Xunta para entrar na rede de Galescolas, sen embargo, houbo cambios no equipo directivo e mudaron os criterios para a integración na rede, de xeito que se comunicou á universidade que non podía participar. Actualmente, se retomaron as conversas, e a universidade quere firmar un convenio pero que non impida executar o proxecto de obra para a escola infantil este ano, porque se quere licitar o proxecto este ano para o campus de Vigo e seguramente para Pontevedra. No campus de Ourense a situación é diferente porque o campus está sendo obxecto dun proxecto de reordenación urbana o que obriga a esperar.

Sobre o custe do equipo xerencial considera que segue sendo curto porque ten que ser completado no futuro cunha persoa que reforce o tema da investigación.

Replican o señores Cebro e Fernández ao reitor para que conteste o resto das cuestións suscitadas.

O reitor resposta que contestará cando teña a información.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:35 horas do día 30 de abril de 2008, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor.

O reitor



Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral



Esther M^a González Pillado